



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN NA QUE SE DA CONTA DO INFORME EMITIDO POLO COMITÉ DE EXPERTOS EN RELACIÓN Á DOCUMENTACIÓN DO SOBRE B DE REFERENCIAS TÉCNICAS PRESENTADA POLOS LICITADORES QUE OPTAN Á CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO (CON MULTIPLICIDADE DE CRITERIOS DE VALORACIÓN) DAS OBRAS AS QUE FAI REFERENCIA O PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, INCLUÍDA NO PLAN DE ACCIÓN SOCIAL (PAS) 2015 E Á VISTA DO MESMO A ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Na Casa do Concello de Camariñas, ás 11:30 horas do día 27 de febreiro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do acordo adoptado pola Xunta Goberno Local, órgano de contratación, en sesión de data 11 de novembro de 2017, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Manuel Valeriano Alonso de León, Alcalde.

Vogais:

D^a Sandra Insua Rial, Concelleira.

D. Juan Carlos Canosa Marcote, Concelleiro

D^a M^a Loreto López Fernández, Secretaria da Corporación.

D^a Alicia Queiro Pérez, Interventora accidental da Corporación.

Secretario:

D. Victorino Nión Carril, funcionario administrativa adscrito a Secretaría.

É obxecto da reunión, acto non público, unha vez incorporado ao expediente o informe técnico solicitado pola Mesa de Contratación ao Comité de Expertos en reunión celebrada o pasado día 19/01/2017, proceder a dar conta do mesmo (análise/estudo/exame) e adoptar á vista do mesmo os acordos que procedan en relación ao sobre B de referencias técnicas, presentada polos licitadores que optan á contratación por procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración) das obras as que fai referencia o proxecto denominado “PAVIMENTACIÓN E SANEAMENTO EN RÚA CAMPO DO OUTEIRO”, incluída no Plan de Acción Social (PAS) 2015 e adopción dos acordos que procedan á vista do mesmo.

Dada a presenza do Presidente como do secretario así como dos vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dáse lectura á acta da sesión anterior sen que se realice ningunha observación polos asistentes polo que esta se autoriza coa sinatura do secretario da Mesa e o visto e prace da presidencia.

2º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME EMITIDO POLO COMITÉ DE EXPERTOS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS CORRESPONDENTES

Por orde do Presidente da Mesa o secretario procede a dar lectura do informe emitido polo Comité de Expertos.

Así á vista do devandito informe a Mesa de Contratación trata as seguintes cuestións e adopta os seguintes acordos:

2º.1.- RESPECTO AO LICITADOR ÁBACO SERCOIN, S.L.

Visto o acordo adoptado por esta Mesa de Contratación en sesión de data 19 de xaneiro de 2017, en relación á solicitude de informe ao Comité de Expertos (apartado segundo).



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

Visto que no informe emitido polo Comité de Expertos, páxina 5 de 9, consta referido ao licitador ÁBACO SERCOIN, S.L. *“O licitador achega programa de execución de traballos non axustado aos 4 meses de proxecto. Axusta a 68 días naturais”*.

Comprobado por esta Mesa que o citado licitador, no apartado 1.8 *“DIAGRAMA DE GANTT. INVERSIONES MENSUALES PREVISTAS”*, fai constar un prazo de execución de 68 días naturais (prazo inferior ao establecido no prego).

Visto que a redución do prazo de execución é un contido do sobre C subtítuloado *“Oferta económica e referencias avaliáveis automaticamente”* e non do Sobre B subtítuloado *“Referencias técnicas”*, cuxo contido se corresponde con criterios non avaliáveis de forma automática.

Visto que o art. 1 do TRLCSP establece como un dos fins da regulación da contratación do sector público o de garantir que esta se axuste ao principio de non discriminación e de igualdade de trato dos candidatos. No mesmo sentido o art. 139 dispón que *“Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustaran a súa actuación ao principio de transparencia”*.

Visto que o art. 145.2 do TRLCSP dispón que *“As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública, sen prexuízo do disposto nos artigos 148 e 182 en canto a información que deba facilitarse na subasta electrónica ou no diálogo competitivo”*.

Considerando que así mesmo, o art. 150.2 do TRLCSP establece a orde procedimental para a valoración das ofertas: *“2. Os criterios que teñan que servir de base para a adxudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e se detallarán no anuncio, nos pregos de cláusulas particulares ou no documento descritivo.*

(...) A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorra esta circunstancia, deixándose constancia documental de ilo. As normas de desenvolvemento desta lei determinarán os supostos e condicións en que deba de facerse pública tal avaliación previa, así como a forma na que deberán presentarse as proposicións para facer posible esta avaliación separada”.

Visto que o art. 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, dispón que: *“A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa de un xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se teña efectuado a valoración daqueles”*.

Considerando pois que as cautelas que se establecen para a valoración dos criterios de adxudicación non son meros requisitos formais do procedemento, senón que teñen por obxecto, en aras do principio de non discriminación e igualdade de trato dos licitadores, obter a máxima obxectividade posible na valoración dos criterios que deben de servir de fundamento á adxudicación do contrato. Por ilo, o coñecemento anticipado dos que son aplicados mediante fórmulas poden afectar ao resultado de dita valoración, e cando é coñecida soamente a dunha parte dos licitadores implica desigualdade no trato destes.

Considerando pois que a finalidade última da apertura de documentación en dous momentos temporais distintos é manter a máxima obxectividade na valoración dos criterios que non dependen de aplicación dunha fórmula, e evitar así que o coñecemento da valoración dos criterios obxectivos poida influír na dos suxeitos a un xuízo de valor, e que de elo se deduce que se se admitira a documentación correspondente aos licitadores que non teñan cumprido estritamente a esixencia de presentar de forma separada ambos tipos de documentación, a documentación de carácter técnico, presentado por estes, poda ser valorada con coñecemento dun elemento de xuízo que falta nas outras, de modo que se



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

infrinxirían os principios de igualdade e non discriminación que con carácter xeral se consagran no TRLCSP.

A vista do anterior, a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Excluir ao licitador ÁBACO SERCOIN, S.L., por facer constar no apartado 1.8 “DIAGRAMA DE GANTT. INVERSIONES MENSUALES PREVISTAS” da documentación do sobre B, o prazo de execución da obra, 68 días naturais (prazo inferior ao establecido no prego).

Segundo.- Notificar o acordo de exclusión a ÁBACO SERCOIN, S.L., con indicación dos recursos que procedan (alzada).

2.2 RESPECTO AO LICITADOR ESPINA & DELFÍN, S.L.

As vogais, M^a Loreto López Fernández e Alicia Queiro Pérez, así como o Secretario da Mesa, sinalan a necesidade de que se solicite un novo informe ao Comité de Expertos en relación ao licitador ESPINA & DELFÍN, S.L., no que se dea resposta cumprida ao solicitado por esta mesa en data 19 de xaneiro, posto que se como di o Comité de Expertos o gráfico “non se corresponde coa obra”, este non pode ser motivo de exclusión con base na cláusula transcrita, senón por non reunir o sobre B os requisitos/condicións esixidas polo prego, e que no seu caso se proceda conforme o previsto no art. 27.1 parágrafo 2º da RD 817/2009, isto é se requira ao licitador para que subsane o erro ou omisión.

Non obstante o anterior a Mesa adopta o seguinte acordo:

Vistos os acordos adoptados por esta Mesa de Contratación en sesión de data 19 de xaneiro de 2017, acordo 3º.2 “DOCUMENTACIÓN DE ESPINA & DELFÍN, SL, ASIGNACIÓN DE EQUIPOS, PLANIFICACIÓN ECONÓMICA, NA QUE FAI REFERENCIA A OBRA “PAVIMENTACIÓN Y SANEAMIENTO EN LA CALLE CAMPO DE OUTEIRO. PONTE DO PORTO” e acordo 4º “SOLICITUDE DE INFORME AO COMITÉ DE EXPERTOS” (apartado primeiro).

Visto que no informe emitido polo Comité de Expertos, páxina 6 de 9, consta referido ao licitador ESPINA & DELFÍN, SL *“No gráfico de execución das distintas unidades de obra faise referencia a importes distintos aos do orzamento de licitación (achégase gráfico que non se corresponde coa obra obxecto de informe). Neste senso o art. 12.2.A.1) do prego que di literalmente “b) Un gráfico da execución das distintas unidades de obra... Calquera referencia neste gráfico a importes distintos do orzamento de licitación suporá a non admisión de ofertas”.*

Visto que esta cláusula do prego prevé expresamente para este caso concreto, o considerando por esta Mesa de Contratación, en relación ás mencións no sobre B do contido do sobre C, da que se deriva a exclusión desas proposta con fundamento en:

“Que o art. 1 do TRLCSP establece como un dos fins da regulación da contratación do sector público o de garantir que esta se axuste ao principio de non discriminación e de igualdade de trato dos candidatos. No mesmo sentido o art. 139 dispón que “Os órganos de contratación darán aos licitadores e candidatos un tratamento igualitario e non discriminatorio e axustaran a súa actuación ao principio de transparencia”.

Que o art. 145.2 do TRLCSP dispón que “As proposicións serán secretas e se arbitrarán os medios que garantan tal carácter ata o momento da licitación pública, sen prexuízo do disposto nos artigos 148 e 182 en canto a información que deba facilitarse na subasta electrónica ou no diálogo competitivo”.

Que así mesmo, o art. 150.2 do TRLCSP establece a orde procedimental para a valoración das ofertas: “2. Os criterios que teñan que servir de base para a adjudicación do contrato determinaranse polo órgano de contratación e se detallarán no anuncio, nos pregos de cláusulas particulares ou no documento descriptivo.



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

(...) A avaliación das ofertas conforme aos criterios cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas se realizará tras efectuar previamente a de aqueles outros criterios en que non concorran esta circunstancia, deixándose constancia documental de ilo. As normas de desenvolvemento desta lei determinarán os supostos e condicións en que deba de facerse pública tal avaliación previa, así como a forma na que deberán presentarse as proposicións para facer posible esta avaliación separada”.

Que o art. 26 do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, de desenvolvemento parcial da Lei de contratos do sector público, dispón que: “A documentación relativa aos criterios cuxa ponderación dependa de un xuízo de valor debe presentarse, en todo caso, en sobre independente do resto da proposición con obxecto de evitar o coñecemento desta última antes de que se teña efectuado a valoración daqueles”.

Que as cautelas que se establecen para a valoración dos criterios de adxudicación non son meros requisitos formais do procedemento, senón que teñen por obxecto, en aras do principio de non discriminación e igualdade de trato dos licitadores, obter a máxima obxectividade posible na valoración dos criterios que deben de servir de fundamento á adxudicación do contrato. Por ilo, o coñecemento anticipado dos que son aplicados mediante fórmulas poden afectar ao resultado de dita valoración, e cando é coñecida soamente a dunha parte dos licitadores implica desigualdade no trato destes.

Que a finalidade última da apertura de documentación en dous momentos temporais distintos é manter a máxima obxectividade na valoración dos criterios que non dependen de aplicación dunha fórmula, e evitar así que o coñecemento da valoración dos criterios obxectivos poida influír na dos suxeitos a un xuízo de valor, e que de elo se deduce que se se admitira a documentación correspondente aos licitadores que non teñan cumprido estritamente a esixencia de presentar de forma separada ambos tipos de documentación, a documentación de carácter técnico, presentado por estes, poda ser valorada con coñecemento dun elemento de xuízo que falta nas outras, de modo que se infrinxirían os principios de igualdade e non discriminación que con carácter xeral se consagran no TRLCSP”.

Considerando, que ao caso/suposto aquí plantexado, a pesar da conclusión do Comité de Expertos, non é este, posto que o mesmo Comité sinala que esa documentación non se corresponde á obra, polo que se deduce/conclúe que a mesma é inocua e/ou irrelevante, polo que non é /debe/pode ser considerada pero o que é máis importante non ten influencia neste momento da valoración.

Considerando ademais que dita omisión, no sentido de que a documentación non se corresponde a obra e non pode ser considerada, non afecta a que o contido deste SOBRE B cumpra aínda así co prego de cláusulas, pois o propio Comité valora este SOBRE e en concreto o apartado referido ao Programa de Traballo, é polo que a mesa de contratación por unanimidade dos membros presentes, acorda:

Único: Que permaneza no procedemento o licitador ESPINA & DELFÍN, S.L.

2.3 VALORACIÓN DAS OFERTAS TRAS A ADOPCIÓN DOS ACORDOS ANTERIORES E Á VISTA DO INFORME DO COMITÉ DE EXPERTOS.

A vista do informe emitido a Mesa de Contratación por unanimidade dos seus membros, acorda:

Único: Aceptar en todos os seus extremos o informe técnico emitido polo Comité de Expertos, salvo no que se ve afectado polos acordos anteriores, do que resulta que aos licitadores se lles outorga as seguintes puntuacións correspondente ao sobre B:

A) PLAN DE CONTROL DE CALIDADE (Máximo 09 puntos)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

		PLAN DE CONTROL DE CALIDADE
		TOTAL PUNTUACIÓN
01	EXCAVACIONES POSE SL	5,00
02	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ SL	3,00
03	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	7,50
04	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	5,00
05	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	5,00
06	NEMESIO ORDOÑEZ SA	7,10
07	SYR - AMG SLU	7,10
08	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	7,10
09	CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL SL	3,00
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	4,00
11	EXCAVACIONES AGRACASTRO SL	7,10
12	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA SL	4,00
13	CONSTRUCCIONES MARTINEZ RIAL SL	4,30
14	CONSTRUCCIONES D. OGANDO	4,30
15	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL	4,50
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	8,00
17	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	4,00
18	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	7,10
19	MANUEL BARCIA GARCÍA	4,30
21	HORDESCON SL	4,30
22	ESPIÑA & DELFÍN SL	7,10
23	CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	1,00

B) PROGRAMA DE TRABAJO (Máximo 13 puntos)

		PROGRAMA DE TRABAJO
		TOTAL PUNTUACIÓN
01	EXCAVACIONES POSE SL	10,00
02	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ SL	9,50
03	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	10,00
04	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	3,50
05	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	10,00
06	NEMESIO ORDOÑEZ SA	9,00
07	SYR - AMG SLU	9,00
08	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	9,50
09	CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL SL	6,50
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	5,50
11	EXCAVACIONES AGRACASTRO SL	10,00
12	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA SL	8,00
13	CONSTRUCCIONES MARTINEZ RIAL SL	8,00



CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

14	CONSTRUCCIONES D. OGANDO	9,00
15	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL	8,00
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	9,50
17	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	9,50
18	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	9,50
19	MANUEL BARCIA GARCÍA	4,50
21	HORDESCON SL	10,00
22	ESPINA & DELFÍN SL	6,50
23	CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	6,50

C) ACTUACIÓN AMBIENTAL (Máximo 06 puntos)

		ACTUACIÓN MEDIOAMBIENTAL
		TOTAL PUNTUACIÓN
01	EXCAVACIONES POSE SL	4,50
02	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ SL	3,00
03	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	5,50
04	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	4,50
05	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	5,50
06	NEMESIO ORDOÑEZ SA	5,50
07	SYR - AMG SLU	5,50
08	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	5,00
09	CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL SL	4,50
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	3,00
11	EXCAVACIONES AGRACASTRO SL	5,50
12	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA SL	5,00
13	CONSTRUCCIONES MARTINEZ RIAL SL	5,00
14	CONSTRUCCIONES D. OGANDO	5,00
15	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL	5,00
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	5,50
17	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	4,50
18	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	5,00
19	MANUEL BARCIA GARCÍA	3,00
21	HORDESCON SL	5,00
22	ESPINA & DELFÍN SL	4,50
23	CYS HISPANIA CONSTRUC. Y SERVICIOS SL	4,50

D) ESQUEMA DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE (Máximo 12 puntos)

		ESQUEMA DE PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE
		TOTAL PUNTUACIÓN
01	EXCAVACIONES POSE SL	10,20
02	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ SL	6,00



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

03	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	11,40
04	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	8,00
05	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	10,00
06	NEMESIO ORDOÑEZ SA	10,20
07	SYR - AMG SLU	6,00
08	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	11,40
09	CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL SL	6,00
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	6,20
11	EXCAVACIONES AGRACASTRO SL	6,00
12	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA SL	8,00
13	CONSTRUCCIONES MARTINEZ RIAL SL	8,00
14	CONSTRUCCIONES D. OGANDO	10,20
15	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL	10,20
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	11,20
17	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	9,00
18	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	9,00
19	MANUEL BARCIA GARCÍA	6,00
21	HORDESCON SL	10,20
22	ESPINA & DELFÍN SL	10,20
23	CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	8,00

Sendo polo tanto a puntuación total obtida polos licitadores no sobre B a seguinte:

PUNTUACIÓN TOTAL DO SOBRE B

		TOTAL PUNTUACIÓNS
01	EXCAVACIONES POSE SL	29,70
02	CONSTRUCCIONES LEMOS MARTINEZ SL	21,50
03	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO SL	34,40
04	OBRAS Y CONTRATAS RIVADEMAR SL	21,00
05	CONSTRUCCIONES ALEJANDRO MARTÍNEZ E HIJOS SL	30,50
06	NEMESIO ORDOÑEZ SA	31,80
07	SYR - AMG SLU	27,60
08	ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA	33,00
09	CONSTRUCCIONES FERMIN SIMAL SL	20,00
10	CONSTRUCCIONES CERNADAS SL	18,70
11	EXCAVACIONES AGRACASTRO SL	28,60
12	CONSTRUCCIONES CYMCO GALICIA SL	25,00
13	CONSTRUCCIONES MARTINEZ RIAL SL	25,30
14	CONSTRUCCIONES D. OGANDO	28,50
15	CONSTRUCCIONES Y OBRAS ANDUJAR SL	27,70
16	CANARGA CONSTRUCCIONES SL	34,20
17	OBRAS Y VIALES DE GALICIA SL	27,00
18	MECANO OBRAS Y REFORMAS SL	30,60
19	MANUEL BARCIA GARCÍA	17,80
21	HORDESCON SL	29,50
22	ESPINA & DELFÍN SL	28,30
23	CYS HISPANIA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS SL	20,00



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Non sendo outro o obxecto da reunión e non habendo máis asuntos que tratar, o presidente levanta a sesión, sendo as 12:15 hora do día da data, do que como secretario dou fe co visto e praxe da Presidencia.

Vº e Praxe
O PRESIDENTE,

D. Manuel Valeriano Alonso de León

O SECRETARIO,

D. Victorino Nión Carril